

O meu irmán mais eu somos

¡¡¡SUPERHEROES!!!

Esta é a miña historia: Chámome Uxía e teño un irmán que se chama Anxo. Ademais temos un segredo: ¡SOMOS SUPERHEROES! Pero ninguén o sabe. Temos medo de contarllo a alguén e que os nosos poderes desaparezan.

Ao chiscar un ollo voume o sitio no que estou a pensar eo meu irmán cando abre os barzos voa coma un paxaro e os dous temos visión nocturna.

Temos un reloxo que nos avisa cando hai unha emerxencia. Pero...

Un día o noso reloxo sonou, estábamos un pouco distraídos e os nosos pais cacháronnos. Tivemos que explicarles que os nosos poderes os adquirimos despois de rascar uns cromos que mercamos nunha feira que fomos cos avós.

Pero o mellor de todo e que aínda que lle revelamos aos nosos pais a verdade sobre nós, seguimos tendo os nosos poderes. Dende aquel día somos dous pequenos superhéros con dous grandes axudantes e todos e todas xuntos e xuntas vivimos grandes aventuras.



Super Cloe

Nunha cidade de cuxo nome non me lembro vivía unha nena chamada Cloe.

Unha mañanciña na que estaba vendo a televisión, veu unha historia sobre un super heroe.

Parecelle moi interesante esta idea polo que falou coa súa avoa para que lle deseñara un traxe adaptado ao seu novo traballo , o de super heroína.

O seu novo traballo consistiría en acudir a calquer lugar onde a xente estivera en perigo e para xudar cando se necesitara sobre todo en cuestións de coidados do planeta, un tema no que estaba moi implicada xa que esta herína ama o seu planeta Terra.

Tiña que pensar un nome para ela! Pasaron horas e moitas ideas nun papel pero ao final chamaríase SUPER CLOE.

Converteuse nunha personaxe moi famosa polas súas boas accións ata incluso a chamaron a un programa de televisión para agradecerlle todo o que estaba a axudar.

Grazas Super Cloe de parte de todo os habitantes e seres vivos do planeta!



O LAGO ENCANTADO!!!!

Érase unha vez unha princesa que estaba triste e foise correndo do castelo .

Atopouse cun lago que estaba encantado. Despois de estar 10min nese lugar empezou a facer:

- Uuuuuuuuuuu!!

A chica empeou a gritar:

- Aaaaaahhh!

E gritando foise corriendo e rescatouna un superhéroe. Levouna ao castelo .

Ao final casáronse e os humanos e os fantasmas viviron felices para sempre.

Fin



O HEROE QUERÍA SALVAR O PLANETA

Érase unha vez que se era, un heroe que quería salvar o planeta.

Seus pais sí que lle deixaban adicarse a isto, parecían un traballo moi bo.

- Ummmmmmmm, a quen podo salvar? dixo o heroe Xoan.

-Ai, ai!! Xoan axúdame por favor estou colgada nunha rama Xoan! - escoitábase ao lonxe unha nena berrar desesperada.

Xoan achegouse e díxolle.

-Ana vou agora; E que meu pai díxome que tiña que ir a facer a compra

-¿Sabes o que teño que teño que mercar?- Díxolle Xoan

-O que Xoan?non ves que estou en apuros?

Ana respondeulle un pouco enoxada:

- Ovos, logures, Royal, Aceite e chocolate xungly.

- Vale - respondeu axiña

Xoan

-Xoan agora sálvame por favor! Foron as últimas palabras de Ana agardando porque este heroe acudira a axudala.

Unha situación cómica non?



A SUPERHEROÍNA CARME

Había unha vez unha heroína chamada Carme.

O seu superpoder era que podía queimar sen contaminar: plásticos, lixo tirada polo chan, etc.

Cando nun océano había plástico ela queimaba os plásticos e desaparecían pero sen botar CO2 ao aire pola combustión ao arder. Xa dixeran que tiña superpoderes!!!!

Ademais cos seus supervos pode salvar o mundo.

Pero como toda historia de superherínas, sempre aparece algo... De repente apareceu un super vilán, o peor do seu planeta e veu a destruír ao noso planeta. A superheroína Carme díxolle moi enoxada.

-Fora de aquí está prohibido destruír planetas iso hai que sabelo.

Pero con esforzo e tempo gañamos. E vivimos moi felices ata o infinito e máis alá!!!!



ULTRON VS PREDATOR

Ultron é unha máquina do planeta Ultronion e os ultronianos foron os que eles mesmos crearon este personaxe .

Predator é un habitante do sector 56786585654-64556565476464, el é o último habitante do seu planeta.

Ultron tiña a misión de eliminar o sector 56786585654-64556565476464 pero alí vivía Predator.

Cando Ultron chegou ao sector 56786585654-64556565476464 Predator defendeuse pero, como consecuencia disto, o bosque queimouse pero... Predator tiña a solución: salvou o bosque cunha manguera e destruíu a Ultron .

O planeta onde vivía Predator por pouco é explotado por Ultron . Pero sabía que os ultronianos volverían a crear a Ultron, se fose destruído nalgún momento, non se cansarían de loitar polo seu planeta .

Pero tiveron unha mellor idea...Os ultronianos crearon a tres Ultrons para destruír o sector 56786585654-64556565476464. Pero o noso Predator non deixará que o seu planeta fose invadido polos Ultrons.

Cando os ultrons chegaron ao seu planeta por pouco queiman todos os bosques e deixaron a Predator moi danado.

Predator deixárase morrer polo seu planeta, pola vida dos seres do seu planeta perounha cousa tiña moi clara, loitaría e defendería o seu planeta aínda que lle costase a súa propia vida... polo que el eliminou aos Ultrons. Así hoxe en día os ultronianos son escravos da primeira orden e coa estrela da morte case destruíu o planeta onde vive Predator pero a primeira orden escapouse unha nave no planeta de Predator , Predator subiu a nave entra na estrela da morte e a fai caer a o sector 555555.



A heroína Andrea

Un día chamado Santo Andrea, un 10 de febreiro, conta a lenda que ese día naceu unha nena chamada Andrea e dende aquel mesmo día chámase a heroína Andrea, porque salvou o bosque Flor que todo o pobo o quería moito.

Dende aquel día todos e todas quérena moito ata lle fixeron unha estatua de lá no medio da praza do pobo.

Tamén conta a historia que tiña un bo compañeiro que lle axudaba a apagar o lume ou a resolver calquera problema que se chamaba Manuel.

A historia deste amigo non empezou ben aínda que agora o final da historia sexa outro moi distinto: Manuel traballaba para o mal, entón tirouno ao chan e díxolle que tiña unha maneira de arranxar as cousas:

-Pedir perdón- díxolle con mala cara Andrea -dende cando estás traballando para o mal? Recapacita aínda estás a tempo de cambiar!

Manuel contestoulle:

-Perdón Andrea

-Si dixó Andrea- Volvemos a ser amigos así que imos axiña que hai un lume que apagar.

Xa vedes que o conto nunca acaba como empeza!!!!

El superheroe

Este cuento va de un superheroe algo diferente de lo que se entiende por tal concepto.

Este superheroe estaba en un banco sentado y triste.

Y dijo:

- ¡Joba! Ya no hay crímenes para salvar a la gente ni tan siquiera al planeta donde vivimos.

Esto hace que nuestro heroe se aburra mucho. Y ya sabeis que el aburrimiento es mal compañero, por lo que dijo:

- Si no hay crímenes los haré yo

Y así fue. Los hizo, robó diamantes joyas, una estatua muy cara que valía 209.870 euros, provocó incendios y contaminación de los ríos y océanos.

Pero esto hacía que se sintiera muy mal, así que las devolvió y pidió perdón con cariño a toda la gente.



Un día en EquiArzúa...

Un día en EquiArzúa na Calella sen Violencia veu un home a farmacia e mercou unha pastilla, que cando a inxeriu tivo un efectos sobrenaturais. Converteuse nun superheroe e dixo o home :

-En serio??

O home foi á farmacia ao día seguinte e díxolle :

-Esta pastilla esta mal !!

Ao cal a farmacéutica díxolle :

-Non esta mal, só que a vostede faille reacción, un efecto secundario que a moi poucas persoas lle acontece.

O home boquiaberto respondeulle:

-Bueno pois será pero sentínme un pouco raro e teño superpoderes que poden axudar a cambiar o mundo, protexelo e facer que perdure no tempo para os nosos descendentes.

E o home fouse a salvar o mundo ...

3 anos despois ...

-Sóname o reloxo que me deron os superpoderes!! - di o home - seguro que hai un problema!



Voume voando!!

Arbolina

Un día unha superheroína chamada Arbolina veu que uns chicos estaban queimando un monte.

Foi e explicoulles que non podían queimar ese bosque porque por ahí vivían moitos animais que podían matar pero nese intre deuse de conta de que xa queimaran un anaco do bosque.

Colleu unha manguera e tentou apagalo·ela soa non era capaz por iso chamou aos bombeiros para apagar o lume antes de que se queime todo o bosque e tentar salvar a maior parte de animais posibles.

Os chicos que alí estaban perxuraron que non foran eles. Arbolina decidiu crerlles.

Cando conseguiron apagar o lume, Arbolina decidiu investigar quen queimara o bosque pero non atopou nada. Non atopou ningún indicio nin ningún ratro que lle dera algunha pista.


Parecíalle algo raro, non sí?

Decideu ir xantar, así aclararía as ideas que lle veñen á cabeza.

Desconfiaba dos rapaces que alí estaban, non se movera de alí e non vira outras persoas.

Decididamente, eles eran os culpables por iso tiña que regresar ao monte e seguir buscando probas par atopar aos culpables.

E así foi despois dunha minuciosa investigación: eles foron e mentíronme.



O LADRÓN E O SUPERHEROE

Era unha vez un ladrón que facía cousas horribles como: contaminar, facer fábricas moi contaminantes e moitas cousas máis que pouco a pouco van destruír o noso fogar, o Planeta Terra.

Un día o superheroe chamado Super Lim deuse de conta e rapidamente foi á casa do ladrón.

O superheroe Lim díxolle:

- Tes que parar xa!

O ladrón contestou:

- Por que?

Lim contestou:

- Mira para fóra, este mundo estase acabando...

Pero o ladrón non fixo caso. El repiteullo unha é outra vez, pero seguía sen facer caso... Entón foi ás fabricas e gritou co seu super poder:

- Isto ten que parar xa!

Os empresarios e empresarias dixeron todos e todas a vez:

- Por que?

Entón o superheroe dixo:

- Mirade pola ventá!

Os empresarios e empresarias déronse de conta de que o noso planeta estaba moi enfermo, a piques de morrer e desaparecer.

Entón todo o planeta díxolle ao ladrón:

-Tes que parar xa!

Finalmente, o ladrón arrepeniuse de todo o que fixo e como todos os contos tivo un final feliz aínda que non sempre é así!!!!.



SUPER RAIO E SEU CAN MINI RAIO SALVAN A TERRA

Un día en Arzúa, pola mañá moi temperán, Super Raio foi á farmacia e veu a un señor que estaba mercando pastillas para volverse indestrutible.

Unha semana despois...

O home que mercara as pastillas estaba destruindo o mundo cunha bomba nuclear pero Super Raio díxolle:

-Non vas destruír a Terra!!!!

Parando a bomba nuclear cos seus raios, díxolle aquel home:

-Ou non estás parándoa?

Contestoulle Super Raio:

-Sí, estouna parando

O home gritando e caendo do espazo:

-Nooooooooon!!!!!!

A bomba nuclear foi destruída.

Tres meses despois...

Todo volveu á normalidade e o home, que resultou que se chamaba Adrián, dixo:

- Que ben se está sen violencia!

Dixo Super Raio:

-Si



A SUPERHEROÍNA

Souben dunha superheroína que sempre salvaba a Terra.

Agás un día que se lesionou e tivo que vir un superheroe. Agora pasaban dela. Ela quería que todo o mundo lle fixeran caso.

Cando se recuperou do seu estado, púxose directamente a salvar de novo pero ninguén lle facía caso.

Entón díxolle ao superheroe:

-Este e o meu planeta vaite para outro planeta! Lisca de aquí!

E o superheroe díxolle:

-E para cal me vou?

A superheroína contestoulle:

-Pois para Marte, Venus ou Mercurio

-Pero alí, a quen salvo?

E a superheroína díxolle rindo:

-Pois os alienixenas jajaja

Entón o superheroe foi para Marte, o coñecido planeta vermello.

Alí fixo amigos e amigas e a superheroína recuperou o seu planeta.

Cada un no seu lugar adicaronse a salvar!!!!



O MAR ENCANTADO

A xente gritaba e anunciaba por todo o pobo:

- O mar estaba encantado porque un día pola noite viñeron moitos fantasmas e ninguén se puido bañar.

Pero un súper heroe, que foi reclamado para solucionar o problema, salvou o mar. Pero non foi nada doado xa que tivo que loitar moito pola noite e polo día. Cansou tanto que xa non podía mais, pero chamou ao seu curmán, o cal lle axudou sen pensalo moito.

- Axudareiche sempre, es da miña familia.

Así os dous salvaron o planeta e puideron bañarse todos e todas nese fermoso mar.

Pero a historia non remata aquí. Co paso do tempo a praia estaba chea de lixo polo que tiveron que intervir de novo. Tiveron que limpala, recollendo o lixo en diferentes contedores para reciclar e axudar a non contaminar o noso planeta.

As persoas que fixeron isto foron descubertas e pediron perdón pola súa actuación. Agradecéndolles infinitamente a estes superheroes o seu traballo e entrega para que o planeta Terra chegue san aos nosos descendentes.



Reciclar

Había una vez un superhéroe llamado Recogedor que salvaba a la gente. Un día se encontró un papel tirado en el suelo, algo que no le gustó nada.

Cuando levantó la cabeza veía a un hombre tirando basura al suelo. Super-Recogedor empezó a mirar a su alrededor y veía que todo el mundo tiraba basura, así que decidió recogerla y llevarla a su guarida para reciclarla.

También decidió convencer a los humanos para que dejaran de tirar la basura.

Ahora el planeta está más limpio.



A HEROÍNA

Fai moito moito tempo no planeta Terra camiñaba unha nena chamada Rosa no prado do seu avó.

Rosa cando camiñaba veu ao seu veciño queimando no monte máis grande de Galicia co permiso dos donos e donas.

A Rosa iso entristeceuna moito.

Rosa choraba e cando foi ao monte e berroulle ao veciño gritándolle:

- Non se fai iso!

Rosa cando tivo 30 anos mercou o monte que queimaran e plantou 1000 piñeiros, 500 castaños e 40000 carballos.

Despois pasaron 10 anos e no xornal poñía:

Galicia era o lugar máis san do mundo grazas a Rosa.



8 PLANETAS



Nun lugar moi afastado...

uns oito planetas chamados Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Neptuno e Urano salvaron a Kepler-C8, Kepler-C9, Binarias eclipantes, Binarias eclipantes.

Luz visible salvou a Hunters Planet. Xúpiter quente salvou a Superterras. KOI-7345-01 Foi visitado por 434.889.999 humanos.

E outros tres planetas salvaron a tres outros planetas e os mais ricos doaron 7.000.000.000.000\$ a NASA a visitar a 4 planetas chamados: Gliese 6737, Koi-3456, Koi 65899 e Koi-59999 para mirar se ahí hai vida.

Os verdadeiros superheroes son os oito planetas que coidan de todos e todas nós.




El problema de los bosques

Había una vez un superhéroe llamado Super-planta que salvaba bosques.

Un buen día el cielo se puso negro y empezaron a caer truenos. Como hacía mucho tiempo que no llovía nada, la tormenta creó un gran incendio. Super-Planta no podía salvar él sólo aquel bosque, por lo que le pidió ayuda a los humanos para apagar el fuego. Entre todos limpiaron el bosque y calmaron el incendio, evitando que fuese más grande.

Cuando los humanos vieron el fuego, se concienciaron para cuidar más sus bosques y a los animales que viven en ellos.

Ahora tienen un planeta más cuidado gracias a Super-Planta.



A fada dos dentes con Sarai

Había unha vez unha nena á que se lle movía un dente e como lle molestaba foi ao dentista e quitaronlle o dente.

Laura a sua nai di:

- Non é para tanto muller, só estás sangrando un pouco.

E a nena respóndelle:

- Non é para tanto? Dóeme moito mamá e papá : Imos para casa. Ela non quere poñelo na almofada porque quere quedalo e dille a súa nai:

- Xa nos podemos ir a casa menos mal.

Xa era de noite e Sarai puxo o dente debaixo da almofada e foi a durmir. Pola ventá entrou a fada dos dentes, que ademais de coller o dente despertou a Sarai.

E di:

- ¿Quen es ti?
- Son a fada dos dentes
- A fada ¿que?
- Siiiiii.
- ¡Coidado unha abella! Aaaaaaaaahhhh!

Métese na casa de xoguete.

- Xa podes sair.
- Uf polos pelos eres a miña superheroína
- Saberás ti que eu quero se superheroína cando sexa maior
- Que fermoso que axudes á xente
- Xa -bueno chao - chao.

E Sarai foi superheroína.



O HEROE QUE SALVOU AO MUNDO DA CONTAMINACIÓN.

Conta esta historia que hai un neno que se chama Pedro que lle gusta xogar á videoconsola, xogar no parque, quedar cos seus amigos...

Un día que ía camiñando pola rúa atopou un sendeiro que o levaría ata o bosque.

Ía polo sendeiro cando viu que estaban queimando todo para facer unha fabrica de vehículos. Foi tan grande o seu enfado que lle saía fume polas orellas. Sí si tal como vos conto!!!

Fíxose de noite e tivo que tornar para a casa.

Ao día seguinte decidiu regresar ao mesmo sitio onde quedaran pero xurdiu un pequeno problema: perdeuse e atopou unha maquina moi estraña. Polo menos algo bo aconteceu!!

Achegouse sen medo pero ...algo raro pasou: fusionouse e deuse conta de que tiña superpoderes

Atreveuse a loitar para rematar coa contaminación. E ...así foi, rematou e eliminou da faz do planeta a contaminación.

Pero como a xente ás veces é moi rara e non lle chega cun só problema, foron quen de crear un mutante de lixo que traería algún problema que outro ao noso heroe.

E tivo que loitar outra vez...

Deixou un tras outro noqueados, foi noqueando inimigo a inimigo.

Ata que un día fóronselle os superpoderes sen apenas darse conta. Xa non había viláns que derrotar e así foi como puido continuar cunha vida normal.



UNHA BOA IDEA

Érase unha vez unha super heroína que estaba voando pola vila de Arzúa.

De súpeto veu ao lonxe a alguén queimando casas.

- Que estaba acontecendo? -pensou

Así vaise facer moito dano ao medio ambiente e aos habitantes deste lugar.

Polo que empezou a voar o máis rápido posible e cando chegou ao lugar díxolle:

-Para quieto, non podes facer iso!

Ao que malvado Queimacousas respondeulle:

-Sí que poido ti non es quen para dicirme iso.

A super heroína moi triste polo que acababa de escoitar, explicoulle varias cousas:

-Eu sí son quen para dicirche iso porque son unha super heroína e o meu traballo é salvar o mundo.

Enton dixo o malvado:

-Vale pero eu son un supermalvado, que non dou evitado facer mal, preciso a tua axuda e se queres convírtome no teu axudante: así seremos dous vixiando e coidando o noso planeta. Pareceche boa idea?

**E TODOS/AS FORON
AMIGOS/AS**



UN DÍA DE SUPERHÉROES

Un día a madriña e Lucía viron una película de superhéroes e dixeron:

-Como me gustou esta película!

A sua madriña dixo:

-Pois a min tamén.

A sua avoa que escoito iso dixo:

-Para fora que fai bo día!

E dixeron:

-Vale avoa. Vou a buscar a Nerea.


A súa madriña fol con ela. Chegaron á casa de Nerea e xogaron ao pilla pilla.

Lucía foi por detrás da casa e aopou un botón. Inmediatamente chamou a Nerea e a súa Madriña e dixolle:

-Vide, vide.

Apretaron o botón e convertíronse en superheroínas e esa tarde rescataron e axudaron a aldea de Santa María a ser unha aldea moi responsable co medio ambiente, onde coidaban a natureza e soñaban con ser moi bos cidadáns: non tirar lixo no chan, eliminar os plásticos das súas vidas...

Xuntos seremos capaces gritaban as superheroínas co seu botón!



Centinela

Erase unha vez, fai moito moito tempo, nun planeta moi moi afastado ... un neno chamado Rayan que naceu nun pobo arrasado pola gerra entre Terrum e Utapau.

Este aventureiro neno decidiu coller unha cápsula de escape e aterrizou na illa de Atena por erro ,na terra ou sector 55-c nunca me lembro; bueno o caso é que o noso utapiano non sabía como saír de aí.

E entón, de repente, escoitou unha mensaxe da súa nai que dicía o seguinte:

-Meu fillo se queres saír de aí só tes que sentir a capa de ozono.

Nese momento sentiu que todo flotaba o seu arredor, mirou o chan e viu que el tamén estaba flotando. Nese intre sentiu que podía facer calquer cousa ata que veu unha nube de gas universal e sen dubidalo foi voando. E ... xusto cando chegou caeuse ao chan porque a capa de ozono debilitábase.

Ao espertar, decatouse que estaba nun hospital e cando a enfermeira ía traerlle a comida veu que o paciente 333-e non estaba e tamén veu que a ventá estaba aberta.

E nese momento Rayan sentiu o verdadeiro terror, era CENTINELA! Rayan quedouse petrificado só lle latía o corazón do asustado que estaba.

Tratábase do seu peor inimigo e CENTINELA miroulle aos ollos, sentiu que lle soaba esa mirada e de súpeto saíu correndo porque non podía co medo, meteuse nas alcantarillas e recibiu outro mensaxe da sua nai que dicía o seguinte:

-Meu fillo, tes que acabar con el porque o que quere e acabar ca capa de ozono así que planea algo.

Nese momento lembrouse de cando o veu cun traxe con centos de tubos de escape e axiña tramou un plan:

Necesitaría encollerse e desenchufalo pero os seus poderes debilitábanse así que só tiña unha oportunidade: ir voando e encolleuse tal e como planeou, desenchufouno e logrou que quedase sen enerxía. Ao facelo sentiu un tremor, xirou a cabeza e veu un monstro xigante feito de engranaxes contaminantes. Era MECHA CENTINELA, a súa reencarnación; O seu planeta deulle outra oportunidade.

Era descomunal e moi agresivo; lanzou un raio vermello, que con sorte puido esquivar pero fixo un gran buraco na terra onde caeron varios coches con familias, ás que tivo que rescatar, esquivando algúns que outros raios de MECHA CENTINELA. Pero


conseguiu elevar os coches polos aires e deixalos suavemente no seu sitio...aínda que pareza mentira a batalla seguía.

Pero nunha milésima de segundo pasoulle unha idea pola cabeza grazas á súa velocidade de pensamento:

Coa ultima enerxía que lle quedaba voaría e atravesaría o robot ,caería no buraco e tan só tiña que cubri-lo e facerlle outra capa de cemento. Así que mans á obra e executou o seu plan.

Empezou a voar e dun puñetazo quitoulle o corazón e tal como planeou caeu no buraco e ca súa velocidade tapouno todo de cemento e cando os cidadáns empezaban a alabalo chega unha misteriosa nave. Rayanponse en posición de combate e resulta que era a súa nai para levalo a casa e ponerlle fin a guerra e vaise pero...

VOLVERÁ!



O meu irmán mais eu somos

¡¡¡SUPERHEROES!!!

Esta é a miña historia: Chámome Uxía e teño un irmán que se chama Anxo. Ademais temos un segredo: ¡SOMOS SUPERHEROES! Pero ninguén o sabe. Temos medo de contarllo a alguén e que os nosos poderes desaparezan.

Ao chiscar un ollo voume o sitio no que estou a pensar eo meu irmán cando abre os barzos voa coma un paxaro e os dous temos visión nocturna.

Temos un reloxo que nos avisa cando hai unha emerxencia. Pero...

Un día o noso reloxo sonou, estábamos un pouco distraídos e os nosos pais cacháronnos. Tivemos que explicarles que os nosos poderes os adquirimos despois de rascar uns cromos que mercamos nunha feira que fomos cos avós.

Pero o mellor de todo e que aínda que lle revelamos aos nosos pais a verdade sobre nós, seguimos tendo os nosos poderes. Dende aquel día somos dous pequenos superhéros con dous grandes axudantes e todos e todas xuntos e xuntas vivimos grandes aventuras.

